

medicina nuclear, se realizan procesos diagnósticos ou terapéuticos mediante isótopos radioactivos, radiacións nucleares, variacións electromagnéticas do núcleo atómico e técnicas biofísicas similares.

U.88 Radiodiagnóstico: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en radiodiagnóstico, está dedicada ó diagnóstico e ó tratamento das enfermidades utilizando como soporte técnico fundamental as imaxes e os datos funcionais obtidos por medio de radiacións ionizantes ou non ionizantes e outras fontes de enerxía.

U.89 Asistencia a lesionados e contaminados por elementos radioactivos e radiacións ionizantes: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico, leva a cabo o tratamento das secuelas radioactivas, profesionais ou de orixe fortuíta das que padezan persoas ou colectivos humanos.

U.90 Medicina preventiva: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en medicina preventiva e saúde pública, leva a cabo funcións de control interno para evitar e previlos riscos para a saúde dos pacientes derivados das actividades do centro sanitario no que estea localizada.

U.91 Medicina da educación física e o deporte: unidade asistencial na que un médico especialista en medicina da educación física e o deporte é responsable de realizar estudos das funcións orgánicas e realiza diagnósticos e tratamentos específicos para persoas que se dedican á práctica deportiva.

U.92 Medicina hiperbárica: unidade asistencial vinculada a un centro hospitalario que, baixo a responsabilidade dun médico, ten como finalidade a administración de osíxeno puro ó organismo, nun medio presurizado, con fins diagnósticos ou terapéuticos.

U.93 Extracción de órganos: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista, se encarga da obtención, mediante extracción, de órganos de doador vivo ou morto para a súa implantación nun organismo receptor, de acordo coa lexislación vixente sobre a materia.

U.94 Transplante de órganos: unidade asistencial, que baixo a responsabilidade dun médico especialista, ten como finalidade a utilización terapéutica dos órganos humanos, que consiste en substituír un órgano enfermo, ou a súa función, por outro san procedente dun doador vivo ou morto, de acordo coa lexislación vixente sobre a materia.

U.95 Obtención de tecidos: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista, realiza calquera das actividades destinadas a dispoñer de tecidos e células de orixe humana ou a posibilitar o uso de residuos cirúrxicos coas finalidades a que se refire a normativa vixente sobre a materia.

U.96 Implantación de tecidos: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista, realiza calquera das actividades que implican utilización terapéutica de tecidos humanos, e engloba as accións de transplantar, enxertar ou implantar.

U.97 Banco de tecidos: unidade técnica que, baixo a responsabilidade dun facultativo, ten por misión conservar e garanti-la calidade dos tecidos, despois da súa obtención e ata a súa utilización clínica como aloenxertos ou autoenxertos.

U.98 Medicina aeronáutica: unidade asistencial na que, baixo a responsabilidade dun médico examinador autorizado segundo establece a normativa vixente, se realizan os recoñecementos, informes e avaliacións médicas requiridas para a emisión dos certificados médicos esixidos ós titulares de licencias e habilitacións aeronáuticas, polas normas reguladoras destas.

U.99 Medicina do traballo: unidade preventivo-asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico espe-

cialista en medicina do traballo ou diplomado en medicina de empresa, desenvolve as funcións de vixilancia da saúde dos traballadores reguladas pola Lei de prevención de riscos laborais e a súa normativa de desenvolvemento.

U.100 Transporte sanitario (estrada, aéreo, marítimo): unidade asistencial que ten por obxecto o desprazamento de persoas enfermas, accidentadas ou por outra razón sanitaria, en vehículos terrestres, aéreos ou marítimos, especialmente acondicionados para o efecto.

U.101 Terapias non convencionais: unidade asistencial na que un médico é responsable de realizar tratamentos das enfermidades por medios de medicina naturista ou con medicamentos homeopáticos ou mediante técnicas de estimulación periférica con agullas ou outros que demostren a súa eficacia e a súa seguraza.

U.900 Outras unidades asistenciais: unidades que, baixo a responsabilidade de profesionais sanitarios, capacitados pola súa titulación oficial ou habilitación profesional, non se axustan ás características de ningunha das anteriormente definidas por realizaren actividades sanitarias innovadoras ou en fase de avaliación clínica.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

19626 REAL DECRETO 1272/2003, do 10 de outubro, polo que se regulan as condicións para a declaración de equivalencia de títulos españois de ensino superior universitario ou non universitario ós títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. («BOE» 255, do 24-10-2003.)

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 36.2.a) que o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, regulará as condicións para a declaración de equivalencia de títulos españois de ensino superior universitario ou non universitario ós títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Desde que o artigo 149.1.30.^a da Constitución lle atribuíu ó Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, recolleu a existencia de títulos equivalentes ós títulos universitarios de carácter oficial, son numerosos os supostos en que, dunha maneira singular, se veu declarando a equivalencia de títulos e diplomas, ben con respecto a grao académico de carácter oficial ou ben, aínda que en menor medida, con respecto a titulacións universitarias específicas do catálogo de títulos universitarios oficiais.

Porén, ata o momento non se dictou unha norma de procedemento que regule, con carácter xeral, as condicións para que os títulos españois de ensino superior, universitario ou non universitario, poidan ser declarados equivalentes ós títulos universitarios de carácter oficial.

En virtude do mandato legal mencionado, este real decreto establece, en primeiro lugar, un procedemento, nos artigos 3 e 4, no cal, para obter a equivalencia, se require o cumprimento duns requisitos xerais, se valora o contido das ensinanzas de que se trate, o desenvolvemento dos correspondentes plans de estudio, a capacidade docente e investigadora do profesorado e cantas

outras circunstancias acrediten un nivel de formación similar ó do título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional ó cal se pretende equiparar.

Para os efectos de proceder a esta valoración, inclúese no procedemento a petición de informe, con carácter preceptivo e determinante, ó Consello de Coordinación Universitaria como máximo órgano consultivo do Goberno en materia universitaria, e tamén, con carácter preceptivo, á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, que ten atribuídas, entre outras funcións, a de proporcionarlle-la información necesaria ás administracións públicas para a toma de decisións no ámbito das súas competencias.

En segundo lugar, inclúese na disposición adicional terceira o procedemento para resolve-las solicitudes de declaración individual de equivalencia que se presentan ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ó abeiro de equivalencias declaradas con carácter xeral por normas anteriores á Lei orgánica de universidades, para grupos específicos de titulados e con efectos determinados.

Este real decreto, que se dicta ó abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, do artigo 36.2.a), e da disposición derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, foi sometido ó informe do Ministerio de Administracións Públicas, do Consello de Coordinación Universitaria e da Comisión Superior de Persoal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de outubro de 2003,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regula-las condicións e o procedemento para a declaración de equivalencia de títulos españois de ensino superior universitario ou non universitario ós títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

2. Non será posible a declaración de equivalencia entre un título español de ensino superior e o título universitario oficial de doutor previsto no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

3. Non será posible declara-la equivalencia de títulos propios expedidos polas universidades a títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, salvo naqueles casos en que, con anterioridade á solicitude presentada, o Goberno establece algun título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional cuns contidos científicos e perfís profesionais que coincidan co título propio de que se trate.

4. Non procederá declara-la equivalencia cando poida resultar contraria ó disposto en tratados internacionais ratificados por España e publicados oficialmente, ó dereito comunitario europeo, a normas vixentes con rango de Lei ou afectar a materias reservadas a lei.

Artigo 2. *Declaración de equivalencia.*

1. Para os efectos da aplicación deste real decreto:

a) Enténdese por equivalencia a equiparación dun título determinado con algún dos seguintes títulos ou graos académicos: diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto e enxeñeiro que se establecen no artigo 37 da Lei orgánica de universidades, así como os que substitúan a estes de acordo co disposto no artigo 88.2 da citada lei.

b) Enténdese por equivalencia a equiparación dun título determinado con algún dos títulos universitarios específicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional establecidos polo Goberno e incluídos no catálogo de títulos universitarios oficiais en virtude do disposto no artigo 34 da Lei orgánica de universidades.

2. Os títulos declarados equivalentes conforme o previsto neste real decreto producirán os mesmos efectos académicos e habilitarán, se é o caso, para o exercicio profesional, de acordo coa normativa vixente, que o grao académico ou o título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional co que se equiparen.

Artigo 3. *Procedemento xeral. Requisitos do título susceptible de equivalencia.*

1. Para que un título determinado poida ser obxecto de equivalencia deberanse cumprilos seguintes requisitos:

a) Que para poder acceder ás ensinanzas conducentes á obtención dese título se esixa estar en posesión dos requisitos académicos que permiten o acceso á universidade.

b) Que o período de formación teña a duración e a carga lectiva mínima que se esixe para a obtención do grao académico ou dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional co que se pretende a equivalencia.

c) Que o título fose expedido por unha universidade ou centro de ensino superior legalmente autorizado ou recoñecido, de acordo coa normativa vixente, para expedir-lo dito título e impartir-las ensinanzas conducentes a este.

2. A declaración de equivalencia do título esixirá, ademais do cumprimento dos requisitos indicados no punto anterior, a valoración do contido das ensinanzas, do desenvolvemento dos correspondentes plans de estudos, da capacidade docente e investigadora do profesorado e cantas outras circunstancias acrediten un nivel de formación similar ó do grao académico ou título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional ó cal se pretende equiparar.

Artigo 4. *Requisitos do centro solicitante da equivalencia.*

1. O procedemento iniciárase mediante solicitude da institución ou organismo que tutele as ensinanzas conducentes á obtención do título para o que se solicite a equivalencia, ou da entidade titular do correspondente centro de ensino superior, dirixida ó ministro de Educación, Cultura e Deporte.

Á solicitude xuntaráse:

a) Memoria xustificativa do contido da petición, na cal se reflectirá o cumprimento dos requisitos a que se refire o artigo anterior e demais circunstancias que deban ser obxecto de valoración.

b) Certificación acreditativa da data de implantación das ensinanzas, expedida pola institución ou autoridade competente que as autorizase.

c) Plan ou plans de estudos aplicados desde a implantación das ensinanzas.

d) Titulación académica do profesorado que imparta ou impartise as ensinanzas.

e) Requisitos académicos esixidos ós alumnos para poderen cursa-las ensinanzas, desde a implantación destas.

f) Número de titulados.

g) Documentación que acredite a autorización ou o recoñecemento do centro que imparte as ensinanzas.

2. Formulada a solicitude, achegada a documentación e verificada esta, o expediente someterase a informe motivado do Consello de Coordinación Universitaria.

Este informe terá o carácter de preceptivo e determinante para os efectos previstos no punto 5.c) do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. Así mesmo, solicitaráselle informe, con carácter preceptivo, á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 31 da Lei orgánica de universidades.

4. O ministro de Educación, Cultura e Deporte elevará ó Consello de Ministros a proposta, se é o caso, de declaración de equivalencia, que deberá ser adoptada por este mediante real decreto.

Artigo 5. *Rexistro de equivalencias.*

As declaracións de equivalencia a que se refire o artigo anterior inscribíranse nunha sección especial do Rexistro nacional de universidades, centros e ensinanzas.

Disposición adicional primeira. *Equivalencia para efectos do disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto.*

Para efectos do disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, considerarase equivalente ó título de diplomado universitario ter superado os tres primeiros cursos completos dos estudos conducentes á obtención de calquera título oficial de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro, ou o primeiro ciclo correspondente ós ditos estudos, sempre que este primeiro ciclo conteña unha carga lectiva mínima de 180 créditos.

Disposición adicional segunda. *Equivalencias en vigor.*

1. Este real decreto apróbase sen prexuízo do disposto no Real decreto 434/2002, do 10 de maio, sobre directrices xerais dos plans de estudos do ensino militar de formación para a incorporación ás escalas superior de oficiais e de oficiais, dos corpos das Forzas Armadas, aprobado en desenvolvemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

2. Este real decreto non afecta as equivalencias a estudos universitarios que fosen establecidas por normas dictadas con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición adicional terceira. *Declaracións individuais de equivalencia en virtude de normas anteriores á Lei orgánica de universidades.*

1. O ministro de Educación, Cultura e Deporte, ou órgano en que delegue, poderá resolver solicitudes de declaración individual de equivalencia de títulos ou diplomas con efectos determinados que presenten os intereses, en virtude de equivalencias xerais xa declaradas polas normas xurídicas que, se é o caso, sexan aplicables.

2. A resolución e notificación relativa á procedencia ou non da declaración de equivalencia deberá adoptarse dentro do prazo de seis meses. A falta de notificación de resolución expresa no prazo antes sinalado permitirá entender desestimada a solicitude de equivalencia, de conformidade coa disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, de acordo co que nela

se prevé para a expedición, renovación, homologación, validación e recoñecemento de títulos, diplomas, licencias e certificados académicos ou profesionais no seu anexo II.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1282/2002, do 5 de decembro, polo que se regula o Rexistro nacional de universidades, centros e ensinanzas.*

Modifícase o punto 2 do artigo 1 do Real decreto 1282/2002, do 5 de decembro, polo que se regula o Rexistro nacional de universidades, centros e ensinanzas, que queda redactado como segue:

«2. O citado rexistro estará constituído por catro seccións:

- a) Universidades.
- b) Centros e estruturas.
- c) Ensinanzas.
- d) Ensinanzas declaradas equivalentes ás universitarias.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude das competencias atribuídas ó Estado no artigo 140.1.30.^a da Constitución, o artigo 36 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e a disposición derradeira terceira da dita lei orgánica.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte dicta-las normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

MINISTERIO DO INTERIOR

19714 *REAL DECRETO 1325/2003, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento sobre réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas. («BOE» 256, do 25-10-2003.)*

A situación da poboación civil vítima da guerra e a obriga de protección dispensada polos Estados que non participan no conflito arrinca, no dereito internacional humanitario, das convencións de Xenebra de 1949 e, especialmente, da IV convención.

Sucesivas declaracións rexionais, como a da Organización da Unidade Africana, do 10 de setembro de